



Na madrugada do vindeiro 15 de outubro cumprírase o 76 cabodano do tráxico asasinato de nove veciños do Val Miñor na estrada Baiona - Camposancos, á altura do quilómetro 58 da Bombardeira (Baredo), hoxe coñecida como a "Volta dos Nove". Como tódolos anos, familiares dos asasinados e o Instituto de Estudos Miñoranos, desenvolverán unha homenaxe que terá lugar o día domingo 14 de outubro ás 13 horas.

Diante do monumento que lembra a súas memorias, obra do escultor Fernando Casás, se realizará unha ofrenda floral e dirixirá unhas palabras o historiador, Carlos Méixome, director do IEM.

### **O asasinato dos nove.**

O asasinato dos nove traballadores foi descrito como un acto de vinganza das forzas represivas trala morte do falanxista Luis Refojo, ocorrida en Sabarís, a tarde anterior das execucións, segundo o estudo dos historiadores Xosé Lois Vilar e Carlos Méixome, publicado na Revista Murguía (2003). Refojo formaba parte dunha partida que ingresou a tiros nunha vivenda ocupada por un home cego (Ventura Pérez), unha muller de 71 anos (Dolores Samuelle Álvarez, "Perfecta", que traballaba como doméstica) e os irmáns Luís e José López Luís, ("Os Ineses), fuxidos dos represores, un deles co cargo de ter sido tenente de alcalde de Baiona durante a República. Unha vez asasinados os ocupantes da casa, os falanxistas decidiron marchar cara as cadeas de Vigo en busca de presos políticos sobre os cales descargar a súa ira pola morte do camarada.

Segundo o relato dos investigadores miñoranos, primeiro chegaron á cadea de Vigo, alí non lle deixaron coller a ninguén, logo foron ao frontón da rúa María Bediales que servía tamén de cadea. Meteron nove homes nunha camioneta e dirixíronse cara a Baiona. As testemuñas discrepan na hora na que os levaron a Baiona. En todo caso na noite do 15 de outubro, sobre a unha da madrugada nove veciños do Val Miñor foron asasinados á altura do quilómetro 58 de estrada Pontevedra Camposancos

### Os nove homes asasinados en Baredo

- Manuel Aballe Dominguez, mariñeiro de Panxón, de 41 anos. Fillo de Modesto Aballe Macaya e de Benita Dominguez Salgueiro. Casado con Antonia Rial Veiro, deixou dous fillas menores: Eugenio e Víctor.
- **Felicísimo Antonio Pérez Pérez**, mariñeiro de Panxón, 44 anos. Fillo de Antonio Pérez Dominguez e de Rosa Pérez. Casado, sen fillas.
- **Elias Alejandro Gonda Alonso "O Ghonda"**, labrador, de 36 anos, veciño de Santa Cristina da Ramallosa. Fillo de Ascensión Gonda Alonso. Casado cunha moza de Sabarís, Angelina Veiga Ríos, deixou tres fillos menores: Isabel, Carmen e Manuel.
- **Manuel Francisco Lijó Pérez "O Lijó"** de 34 anos, natural de Corrubedo (Ribeira) aínda que vivía e traballaba como mariñeiro no barrio do Burgo (Baíña). Fillo de Francisco Lijó Oliveira e de Ramona Pérez Gonda, estaba casado con Eugenia Mijón Durán, veciña de Baiona. Deixaría orfos a cinco filias menores de idade: Mercedes, Manuela, Maximino, Oto e máis Eva.
- **Modesto Fernández Rodríguez "O Rei Chiquito"**, 47 anos, mariñeiro, veciño de Panxón, fillo de José Fernández e Dolores Rodríguez. Traballaba como mariñeiro. Do seu matrimonio con Rosalia Rodríguez Iglesias deixaría seis fillas menores: Gloria, Lidia, Juan, Enriqueta, Jaime e Álvaro.

## Homenaxe na Volta dos Nove ás vítimas das execucións de outubro de 1936 en Baiona.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Sábado, 13 Outubro 2012 19:09

---

• **Fidel Leyenda Rodríguez "Tío Félix"**, de 51 anos, mariñeiro de Baiona. Fillo de Eulogio Leyenda Álvarez e de Vicenta Rodríguez Miguez. Casado con Sofía Vieites Penedo, de Baíña, non deixaba fillos.

.**José Rodríguez González, "O Pelonio"**. Fillo de Rufina Rodríguez González. Veciño da Porta da Vila en Baiona. Tiña 45 anos Este mariñeiro deixaría viúva a Clementina Freire Mosquera, de 43 anos, e orfos a Rogelio, Manuel, José, Melitón e África.

• **Manuel Barbosa Durán, "O Ferreiro do Burgo"**. O máis novo dos asasinados, tan só contaba con 30 anos de idade. Mecánico, natural de Bruña, foi vivir a Panxón tras o seu matrimonio con Julia Sanjuan García. Deixaría catro fillos orfos Oulia, Ma Carmen, Ma Encarnación e Manuel. Os seu s pais Alfredo Barbosa e Isabel Durán Álvarez .

. **Generoso Valverde Iglesias**, fillo de Fermín e Constantina. Tamén traballaba como mariñeiro e contaba, cando segaron a súa vida, 37 anos de idade. Natural e veciño de Panxón, casado con Aurelia Rodríguez Cabral, deixou seis fillos, todos eles menores: Generoso, José, Germán, Vicente, Elodia e Constante